



GUÍA DO PROFESORADO



MUSEO
UNIVERSITARIO
A DOMUS
DO
MITREO

INFORMACIÓN PRÁCTICA

PLANO DO ESPAZO



ACCESIBILIDADE

O Museo permite o acceso a persoas con mobilidade reducida, tanto á *Domus* como á exposición situada no piso primeiro. Igualmente existen WC adaptados.

HORARIO

Martes a sábado.

11 a 14 horas.

17 a 20 horas.

RECOMENDACIÓNS

Debido ás condicións de conservación do material e á propia situación da *Domus* sete metros por baixo do nivel do Lugo actual, durante todo o ano a temperatura no xacemento é de entre 15 e 18 graos, cun nivel de humidade de entre ou 70% e 85% polo que se aconsella traer roupa adecuada.

PREPARANDO A VISITA

RESERVA E ORGANIZACIÓN PREVIA Á VISITA

Os grupos escolares deben reservar previamente a súa visita, ou ben por teléfono ou por correo electrónico. Debido ás características do xacemento, o número máximo de alumnado permitido é de 20, e cómpre o acompañamento dun profesor ou profesora

No caso de que o grupo escolar supere este número, divídaos previamente en dous grupos.

Contacto para as reservas

Teléfono: 982 821 513 (de Luns a venres de 09 a 14 horas)

Email: cultura.lugo@usc.es

NORMAS

Antes de realizar a visita é aconsellable explicarlle ao alumnado as normas que deben seguir e que son as habituais en calquera museo:

- Non se permite entrar con paraugas, mochilas e obxectos punzantes. O Museo carece de consigna, polo que deberá ter en conta esta circunstancia.
- Os teléfonos móbiles deberán estar apagados
- Non se permite apoiarse nas vitrinas nin tocar as pezas, excepto as deseñadas con esta función e que están debidamente sinalizadas.
- Non se poden consumir comidas ou bebidas.
- Está permitido realizar fotografías sen trípode e sen flash.

PREPARACIÓN NA AULA

Para un mellor aproveitamento didáctico sería conveniente proporcionar con antelación uns coñecementos mínimos sobre o mundo romano ao alumnado.

A VISITA GUIADA

NIVEIS

Estas actividades están pensadas para os grupos de E. Infantil, E. Primaria, Secundaria e Bacharelato, así como para os ciclos de Educación Especial, Formación Profesional e Educación de Persoas Adultas.

Os contidos das visitas adáptanse á idade, coñecementos e niveis educativos do público escolar. Deste xeito, as actividades teñen como obxectivo coñecer a historia da cidade de Lugo e o mundo romano nesta cidade. Todo isto experimentándoo dunha maneira lúdica e entretida.

OBXECTIVOS

Dende o Museo Universitario da *Domus do Mitreo* propoñemos unha visita guiada dinámica para achegar aos alumnos e alumnas aos segredos mellor gardados do mundo romano na cidade de Lugo. Neste Museo de 600 m² agrúpanse diversos restos arqueolóxicos cuxa interpretación permitirá aos visitantes coñecer aspectos de grande interese acerca da evolución da cidade, tanto no período romano como en épocas posteriores.

Durante o percorrido (duns 60 minutos) ao subsolo da cidade de Lugo, as/os visitantes poderán interactuar con diversas réplicas arqueolóxicas vencelladas ao mundo romano.

ITINERARIO

PARADA 1ª. PRESENTACIÓN.

Espazo: recepción.



Duración: 5 minutos.

Nesta primeira parada o educador/a dará a benvinda ao grupo e presentarse. Explicarase brevemente que este Museo é propiedade da Universidade de Santiago e do Concello de Lugo e que está xestionado pola propia Universidade. Seguidamente, explicaremos como, na actualidade este espazo mostra diversos restos arqueolóxicos da historia da cidade de Lugo. Comezaremos a visita explicando a cronoloxía do xacemento, como foi o seu descubrimento e o súa posterior musealización.

PARADA 2ª. INTRODUCCIÓN E VÍDEO.

Espazo: entrada.

Duración: 10 minutos.

Aquí, realizaranse unha serie de preguntas abertas, para que a visita sexa máis dinámica. Estas cuestións virarán ao redor do mundo da arqueoloxía, as ciencias aplicadas á historia e tamén trataremos algúns termos concretos como: fósiles directores, a estratigrafía, etc.

Todo iso, axudaranos a entender qué estamos a ver e como a ciencia nos axuda a poder comprendelo mellor. Ademais, as persoas visitantes poderán manipular diversas réplicas arqueolóxicas relacionadas con estas explicacións. Para rematar esta parada, visionarase un audiovisual de 5 minutos de duración.

Nesta parada poderemos observar: a descrición xeral dos elementos consecutivos dispostos no xacemento: a *Domus*, o *Mitreo* e a Muralla; así como unha breve aproximación á súa interacción entre eles a través do tempo.

Material didáctico que se utilizará: lucernas e moedas.

PARADA 3ª. A *DOMUS* E A MURALLA.

Espazo: pasarela superior.



Duración: 5 minutos.

Situados na parte superior, poderemos visionar o perístilo da *Domus* e dende alí explicaremos a súa distribución, observando os distintos usos das súas estancias e os seus cambios no tempo e como no século IV é expropiada e desmontada parcialmente para permitir a construción da Muralla que a corta pola metade. Aquí mesmo, explicarase a existencia dos distintos pozos de auga do xacemento que corresponden tamén a distintas etapas históricas.

Nesta parada poderemos observar: o perístilo, a distribución das estancias, os pozos e a muralla, para o que empregaremos un láser.

Material didáctico que se utilizará: láminas ilustrativas.

PARADA 4ª. OBXECTOS ESPECIALIZADOS.

Espazo: pasarela superior – vitrina de vidro e metais



Duración: 5 minutos.

Durante esta parte da visita explicaremos a importancia do legado romano respecto á cultura material, tentando transmitir con iso a relevancia da súa especialización. A sociedade romana creou unha serie de complexos obxectos especializados, cuxo uso estaba destinado, en moitas ocasións, a resolver unha demanda máis lóxica do que pensamos. Ademais nesta fase os/as visitantes poderán manipular diversos obxectos de vidro, metal e cerámica.

Nesta parada poderemos observar: diversos obxectos atopados nas escavacións.

Material didáctico utilizado nesta parada: un kit de limpeza persoal, un ungüentario e un *acus crinalis*.

PARADA 5ª. AS ESTANCIAS.

Espazo: pantalla do perístilo



Duración: 5 minutos.

Durante esta parte da visita comprenderemos as diversas funcións das estancias deste espazo, incidindo nas técnicas construtivas de época romana.

Nesta parada poderemos observar: muros, chans, teitos, como non, a decoración e técnicas de fabricación destes espazos.

PARADA 6ª. OBXECTOS COTIÁS.

Espazo: vitrina de vidro e metais.



Duración: 5 minutos.

Nesta parte da visita explicaremos a importancia dos obxectos de uso cotián, xa que estes revélanos como era a vida diaria nos fogares romanos. Ademais, centraremos o discurso nos seguintes temas transversais:

- Poder e posición económica.
- Hixiene persoal e estética na antiga Roma.
- A muller e a cultura material.
- Xogos e lecer.

Material didáctico utilizado nesta parada: *latrunculi*, fichas de xogo de óso, alume e unha estrixila.

PARADA 7ª. ESCALEIRA, SANEAMENTO E MUIÑOS.

Espazo: escaleira de acceso ao Mitreo.



Duración: 5 minutos.

Aproveitaremos este espazo para centrar o noso discurso na tecnoloxía e a alimentación na época romana, análise que faremos mediante a observación dos restos que podemos atopar no Museo.

Nesta parada poderemos observar: os muíños de man e as súas partes, a escaleira que mostra as dúas alturas da vivenda, e o saneamento, xa daquela tiñan sumidoiros.

PARADA 8ª. O MITREO.

Espazo: diante da pantalla.



Duración: 5 minutos.

Nesta fase do percorrido, explicaremos como os romanos asimilaban os cultos foráneos, como no caso do culto a Mitra. O culto a Mitra ou mitraísmo acadou moita difusión no Imperio romano entre os séculos I e IV d.C., e tivo especial implantación entre os soldados romanos. Durante esta parte da visita coñeceremos mellor este culto segredo, as súas orixes, a súa difusión e cales eran o seus rituais e os seus templos.

Nesta parada poderemos observar: a estancia da *Domus* transformada en templo e a ara.

Material didáctico utilizado nesta parada: unha *gladius* e un escarabeo.

PARADA 9ª. A NECRÓPOLE.

Espazo: sala superior.

Duración: 5 minutos

Durante esta parte do percorrido explicaremos a relevancia do descubrimento de restos óseos nas escavacións arqueolóxicas. Este tipo de achados achégannos información moi valiosa para entender como vivían as sociedades do pasado. Así mesmo, explicaremos os esqueletos medievais que están expostos. Analizaremos a información que nos achegan mediante a observación directa dos restos óseos. Descubriremos o seu sexo, idade e incluso as doenzas que probablemente sufriron.

Nesta parada poderemos observar: dúas tumbas medievais (un esqueleto de home e un esqueleto muller nova).

Material didáctico utilizado nesta parada: unha réplica dun cranio.

PARADA 10ª. DESPEDIDA E CUESTIONARIO DE SATISFACCIÓN.

Espazo: sala superior ou recepción

Duración: 5 minutos

Os educadores/as pecharán a actividade realizando unha serie de cuestións aos/ás participantes. Seguidamente, agradecerán a participación das/os alumnos na actividade realizada e invitarán aos alumnos/as e profesores/as a visitar noutra xornada o Museo Universitario da *Domus* do Mitreo.

Finalmente, entregarán ao/á docente un cuestionario de satisfacción e acompañarán ao grupo ata a saída sempre que sexa posible.

VISITA ALTERNATIVA

En caso de ser necesaria a división en dous grupos, o segundo pode optar por calquera destas opcións:

- Opción 1.
 - Visitar a parte superior da exposición da *Domus* de forma libre.
- Opción 2
 - Visitar a Catedral de Santa María de Lugo, situada en fronte do Museo. Este edificio tamén forma parte da historia do soar do Pazo de Montenegro, pois tras a desaparición da *Domus* aquí depositáronse restos da súa construción, algúns dos cales poden verse na exposición do primeiro piso. Como é habitual noutras catedrais, é un compendio de varias fases e estilos artísticos, desde o románico orixinal (que aínda se pode ver no seu interior e na porta norte co seu Pantocrátor), pasando polo deambulatorio gótico, os retablos renacentistas do cruceiro, o barroco da capela circular da Virxe dos Ollos Grandes ata o neoclásico do altar maior e da monumental fachada de finais do s. XVIII con torres rematadas a comezos do XX.
- Opción 3.
 - Visitar un tramo da muralla romana cuxa construción, tal como se explica na visita, provocou a desaparición parcial da *Domus* no s. III. Pódese facer un breve percorrido entre a porta de Santiago, situada á beira do Museo, e Porta Miñá, a que mellor conserva a traza romana e pola que saía a vía XIX cara a *Iria Flavia*. Ambas as portas son de perpiaños de granito, material reservado para estas partes vitais da muralla, mentres o material maioritario é a cachotaría concertada de lousa da zona lucense. Este tramo non conserva, en cambio, por ser eliminadas no s.XIX, os cubos ou torres semicirculares característicos deste recinto do Baixo Imperio (s. III-IV), que en orixe tiñan dous pisos sobre o adarve ou camiño de rolda, pero o seu percorrido permite apreciar a anchura e altura do monumento, as escaleiras de ascenso aos cubos e mesmo a vía interior herdeira do antigo *intervallum* da cidade romana.

Non esqueza que a *Domus* non é máis que unha parte da cidade romana de *Lucus Augusti* polo que para a súa plena comprensión sería aconsellable visitar os outros xacementos e museos da cidade (*Domus Oceani*, Centro de interpretación da muralla, S.Roque, Museo Provincial....) e os seus arredores (castro de Viladonga e Sta. Eulalia de Bóveda).

OS OBRADOIROS DIDÁCTICOS

O obxectivo é que as alumnas/os logren comprender diferentes aspectos dos modos de vida e a cultura material relacionados co mundo romano. Deste xeito, poñemos a disposición dos centros escolares un espazo adaptado para a realización destas actividades para que os rapaces e rapazas poidan



realizar unha viaxe inesquecible ao pasado e poidan mergullarse nunha experiencia arqueolóxica única.

OBRADOIRO: ARQUEÓLOGOS/AS NA DOMUS,

Temporalización: 60 min.

Niveis: Ed. Primaria, ESO e Bacharelato.

Nesta actividade o alumnado participante poderá achegarse á investigación científica no campo da arqueoloxía, mediante unha participación proactiva para coñecer e comprender as formas de vida durante a antiga Roma. As cativas e cativos realizarán unha escavación simulada, relacionada co achado da casa *Mitreo*. Do mesmo xeito, serán as propias alumnas e alumnos os que interpretarán os elementos achados e experimentarán algúns aspectos da vida cotiá da época romana na cidade de Lugo.

OBXECTIVOS

- Comprender de xeito sinxelo pero rigoroso os procesos de investigación científica propios da arqueoloxía.
- Valorar adecuadamente a importancia do patrimonio histórico e o legado arqueolóxico.
- Promover a toma de conciencia e a responsabilidade individual na conservación do patrimonio cultural.
- Descubrir algúns aspectos da vida cotiá da época romana e comparalos con aspectos da nosa realidade actual.

BIBLIOGRAFÍA RECOMENDADA

Abel Vilela, A.; Alcorta Irastorza, E.; Arias Vilas, F. (2004): *A Muralla de Lugo : patrimonio da humanidade*, Concello de Lugo.

Alvar, J. (2001) *Los misterios. Religiones “orientales” en el imperio romano*, Ed.Crítica, Barcelona.

Arias Vilas, F. (1992): *A romanización de Galicia*. Edicións a Nosa Terra, Vigo.

Arias Vilas, F. (1972): *Las murallas romanas de Lugo*, StArch.14, Seminario de arqueología, USC.

González Fernández, E. (2005): *Domus Oceani. Aproximación á arquitectura doméstica de Lucus Augusti*, Concello de Lugo.

Rodríguez Cao, C. (2002): *Escavacións do Mitreo de Lugo. Primeiro informe valorativo para a Xunta de Galicia sobre as escavacións a Praza de Pio XII no contorno do Pazo de Montenegro Lugo*.

VV.AA. (2011): *A domus do Mitreo*: [catálogo da exposición]. Santiago de Compostela: Universidade.

VV.A. (1995): *Urbs romana. As orixes da cidade de Lugo*, Concello de Lugo.